

## PROTOCOLO DE EXHIBICIÓN DA SALA ÁRTIKA A PARTIRES DO MES DE SETEMBRO-2020

A nosa Sala retoma a actividade de exhibición no mes de setembro de 2020, por mor do acaecido polo estado de alarma motivado polo COVID-19, implantamos unha serie de protocolos a seguir para procurar a tranquilidade d@s nosos espectador@s.

Para conseguilo necesitamos a vosa colaboración, tanto na compra das entradas como na asistencia a cada espectáculo:

- A venda de entradas farase dende a nosa web e as plataformas habilitadas para este fin, coma sempre, só que agora, a diferenza cos anteriores eventos, o noso aforo está limitado segundo o establecido pola Xunta de Galicia. Por este motivo, as entradas serán sen numerar.
- A asignación de butaca farase directamente na sala, co persoal do que dispoñemos para este traballo. Co fin de evitar o cruce de xente buscando a súa localización, as butacas asinaranse por orde de chegada, comezando dende a primeira fila, ata completar o aforo, e respectando a distancia de seguridade entre cada grupo familiar.
- Para poder evitar aglomeracións, as portas do establecemento abriranse cunha hora de antelación e o acceso a sala principal poderá efectuarse trinta minutos antes da función para de este xeito poder acomodar a tod@s @s espectadores e ser os mais puntuais posible.
- No caso de que as entradas sexan adquiridas na taquilla da sala, @s asistent@s están obrigad@s a facilitar os seus datos persoais co fin de poder contactar con el@s no caso de ser necesario.
- Temos a intención de evitar o pago en efectivo das entradas na taquilla da sala, e para iso dispoñemos de TPV que acepta todas as tarxetas, e non ten custo adicional por pagar coa mesma.
- O uso da mascarilla é obrigatoria dende que se accede ao recinto e incluso durante a función. No caso de estar exento do seu uso deberá presentar un certificado médico que o acredite.
- Para a prevención da propagación do COVID-19 e obter un espazo seguro controlaremos a temperatura dos espectadores á entrada do recinto. Ártika porá a disposición dos asistent@s xel hidroalcolico a entrada do establecemento e da sala principal. Esta última límpase e desinfectase despois de cada función.